

REGULAMENTO

IV CARREIRA POPULAR “ROMARÍA VIKINGA 10K” DE CATOIRA

Data: domingo, 24 de decembro de 2017

Hora: a partir das 10:30 h.

Lugar: Catoira (Rúa Estación)

Distancia: de 100 m. a 10.000 m.

Organiza: Concello de Catoira.

Colaboran: Protección Civil de Catoira, Viking Bike.

CATEGORÍAS, DISTANCIAS E HORARIOS

| <i>CATEGORÍA</i> | <i>ANO NACEMENTO</i> | <i>DISTANCIA</i> | <i>HORA SAÍDA</i> |
|-------------------------------|--|------------------|-------------------|
| <i>PREBENXAMÍN</i> | 2011 - 2013 | 400 m. | 10:30 h. |
| <i>BENXAMÍN</i> | 2009 - 2010 | 400 m. | 10:30 h. |
| <i>ALEVÍN</i> | 2007 - 2008 | 800 m. | 10:45 h. |
| <i>INFANTIL</i> | 2005 - 2006 | 2.000 m. | 11:00 h. |
| <i>CADETE</i> | 2003 - 2004 | 2.000 m. | 11:00 h. |
| <i>XUVENIL</i> | 2001 - 2002 | 10.000 m. | 11:20 h. |
| <i>XUNIOR</i> | 1999 - 2000 | 10.000 m. | 11:20 h. |
| <i>PROMESA</i> | 1996 - 1998 | 10.000 m. | 11:20 h. |
| <i>SENIOR</i> | 1995 e anteriores | 10.000 m. | 11:20 h. |
| <i>VETERANOS/AS M35 - F35</i> | 35 a 39 anos cumpridos o día da proba | 10.000 m. | 11:20 h. |
| <i>VETERANOS/AS M40 - F40</i> | 40 a 44 anos cumpridos o día da proba | 10.000 m. | 11:20 h. |
| <i>VETERANOS/AS M45 - F45</i> | 45 a 49 anos cumpridos o día da proba | 10.000 m. | 11:20 h. |
| <i>VETERANOS/AS M50 - F50</i> | 50 a 54 anos cumpridos o día da proba | 10.000 m. | 11:20 h. |
| <i>SUPERVETERANO/A</i> | 55 anos cumpridos o día da proba e posteriores | 10.000 m. | 11:20 h. |
| <i>PITUFOS</i> | 2014 e Posteriores | 100 m. | 12:45 h. |
| <i>ENTREGA DE PREMIOS</i> | | 13:15 h. | |

CATEGORÍAS:

- Chupete F/M: Nados/as en 2014 e posteriores.
- Prebenxamíns F/M: Nados /as en 2013, 2012 e 2011.
- Benxamín F/M: Nadas/os en 2009 e 2010.
- Alevín F/M: Nadas/os en 2007 e 2008
- Infantil F/M: Nadas/os en 2005 e 2006.
- Cadete F/M: Nadas/os en 2003 e 2004.
- Xuvenil F/M: Nadas/os en 2001 e 2002.
- Xunior F/M: Nadas/os en 1999 e 2.000.
- Promesa F/M: Nadas/os en 1996, 1997 e 1998.
- Senior F/M: Nadas/os en 1995 e anteriores.
- Veteranos/as M35 – F35: de 35 a 39 anos cumpridos o día da proba.
- Veteranos/as M40 – F40: de 40 a 44 anos cumpridos o día da proba.
- Veteranos/as M45 – F45: de 45 a 49 anos cumpridos o día da proba.
- Veteranos/as M50 – F50: de 50 a 54 anos cumpridos o día da proba.
- Superveteranos/as: ter 55 anos cumpridos o día da proba e posteriores

HORARIOS E DISTANCIAS:

- Prebenxamíns F/M: 10:30 horas - 400 m.
- Benxamín F/M: 10:30 horas - 400 m.
- Alevín F/M: 10:45 horas - 800 m.
- Infantil F/M: 11:00 horas - 2.000 m.
- Cadete F/M: 11:00 horas - 2.000 m.
- Xuvenil F/M: 11:20 horas - 10.000 m.
- Xunior F/M: 11:20 horas - 10.000 m.
- Promesa F/M: 11:20 horas - 10.000 m.
- Senior F/M: 11:20 horas - 10.000 m.
- Veteranos/as M35 – F35: 11:20 horas - 10.000 m.
- Veteranos/as M40 – F40: 11:20 horas - 10.000 m.
- Veteranos/as M45 – F45: 11:20 horas - 10.000 m.
- Veteranos/as M50 – F50: 11:20 horas - 10.000 m.
- Superveteranos/as: 11:20 horas - 10.000 m.
- Chupete F/M: 12:45 horas - 100 m.

***As carreiras terán saída e meta na Rúa da Estación.**

INSCRICIÓN:

As inscricións estarán abertas dende o martes 18 de decembro ás 21:00 horas, ato o día 19 de decembro ás 23:59 a través da web de **Emesports (www.emesports.es)**. Nas categorías pitufo, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete, a inscrición será gratuita.

Para as categorías participantes na carreira de 10 km a inscrición terá un custo de **5 euros**, incluído o aluguer do chip de cronometraxe.

Ante calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición, na web de emesports, podédesvos dirixir ós teléfonos **986 546 801** (organización; de 10:00 a 13:30 e de 16:30 a 19:00) / **654 285 692** (Eme Sports) **ou ao enderezo electrónico soporte@emesports.es**

Todos os participantes que completen a súa inscrición terán dereito á bolsa de corredor, ademais os **300 primeiros inscritos da proba absoluta terán un agasallo exclusivo**.

*** A inscrición estará limitada a 1.200 participantes.**

*** As inscricións sen datos obrigatorios ou fóra do prazo fixado, tanto para a proba de 10 Km como as carreiras curtas, non serán admitidas.**

RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS:

A retirada de dorsais e chips, levarase a cabo no **Auditorio Municipal de Catoira** o sábado 23 de decembro dende ás 10:00 ata ás 13:00 horas, e o día da proba dende as 9:00 h. ata 30 minutos antes do comezo da carreira. Será obrigatorio presentar o DNI para a súa retirada. Para facilitar a xestión das carreiras non se darán dorsais nin chips fóra dese prazo.

Os participantes das categorías escolares, (pitufo, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete) tamén poderán recoller o seu dorsal no mesmo posto.

PREMIOS:

- Medallas para os participantes nas categorías: pitufo, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete.
- Trofeos para os 3 primeiros/as clasificados/as en tódalas categorías.
- Trofeos para os 3 primeiros/as da clasificación xeral (10 Km).
- Trofeo para o primeiro/a atleta de Catoira da categoría xeral (10 Km)
- Non haberá premios económicos.
- ***Os trofeos non serán acumulativos.**

PERCORRIDO:

As carreiras das categorías inferiores Terán lugar nun circuito pola propia Rúa da Estación.

Na categoría absoluta, a saída e a meta estará colocada na Rúa da Estación.



DEREITOS DE IMAXE:

O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa firma de inscrición o participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, DVD, internet, caretas, medios de comunicación etc.).

Todos os dereitos de imaxe, pertencen á organización ou ornanizador (Concello de Catoira).

REGULAMENTO

1. O Concello de Catoira será o organizador da IV Carreira Popular “Romaría Vikinga 10K” de Catoira.
2. O Concello de Catoira, a comisión organizadora e os seus colaboradores non se fan responsables dos posibles danos morais, físicos ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas lles ocasionen os participantes nesta proba deportiva, nin outros que con motivo da competición poidan corresponder ante o seguro deportivo ou outra mutualidade.
3. Tódolos participantes, polo feito de tomar a saída, aceptan as presentes bases e regulamento. En caso de dúbida, decidirá o comité organizador.
4. O descoñecemento destas bases e do regulamento non exime do seu cumprimento.
5. Os atletas participarán cos **dorsais** tal e como son asignados pola organización, estando prohibido cortalos ou dobralos. O número debe quedar en todo momento ben visible.
6. Na carreira de 10 Km utilizarase un **chip** como xeito de cronometraxe electrónica, da empresa Emesports. Este entregáraselle ao corredor, xunto co dorsal antes do comezo da proba. **O chip hai que colocalo na zapatilla, enganchándoo co cordón.** Se o chip vai colocado noutro sitio córrese o risco de que non funcione correctamente. Ao rematar a carreira hai que quitalo e entregarllo aos encargados de recoller os chips (na mesa de entrega de dorsais ou a chegada na línea de meta onde se colocarán unhas caixas para a súa recollida).

¡É OBRIGATORIO DEVOLVER O CHIP!

7. Todo corredor que non realice o percorrido completo, que chegue á meta sen dorsal ou a xuízo da organización cometa algunha irregularidade, será desqualificado
8. A saída da 1ª carreira será a partir das 10:30 h para as categorías inferiores e as 11:20 h para a categoría absoluta. A última carreira será a categoría Pitufo ás 12:45 h.
9. Os participantes deberán situarse na contorna saída 10 minutos antes do comezo de cada proba.

10. Na carreira de 10km o percorrido estará sinalizado cada km e contará cun avituallamento no punto intermedio.
11. A organización contará coa axuda dos organismos oficiais municipais competentes que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.
12. Un coche irá pechando a carreira, facendo funcións de "**coche escoba**".
13. O **acompañamento** aos corredores por xente allea á organización ou por vehículos non autorizados será motivo de descalificación.
14. O **control de chegada** na carreira de 10 Km pecharase 1 hora e 15 minutos despois de que se dea a saída.
15. As inscricións realizaranse nos lugares que se indican nas bases xerais e dentro dos prazos sinalados. Todo aquel que non se axuste a estas indicacións non poderá participar na proba.
16. Os trofeos non serán acumulativos.
17. A entrega de trofeos está prevista para as 13:15 h. no **Auditorio de Catoira**.
18. Os corredores poderán utilizar o **pavillón municipal** para asearse e ducharse despois da carreira.
19. Ante calquera circunstancia non comentada nestas bases e regulamento, a organización tomará as decisións oportunas.
20. Polo ben de todos, rógase aos participantes, acompañantes e demais público que presencie a proba, un **comportamento exemplar** cara aos compañeiros, público, organización e a proba en xeral.
- 21. A organización resérvase todos os dereitos de imaxe desta proba.**